

## A "APDR" ALERTA SOBRE A VENDA DO PATRIMONIO NATURAL GALEGO

A pretensión de "Caixa Galicia" de mercar a illa de Sálvora, pon en alerta á "Asociación Pola Defensa da Ría" de Pontevedra, que entende que esta operación vai contra o interese xeral da cidadanía galega e do patrimonio medioambiental galego.

En efecto, a "APDR" entende que o patrimonio medioambiental galego –lonxe de pasar a mans privadas- ten que seren recuperado pola administración para o uso e disfrute do conxunto da cidadanía; e son moitos os casos nos que o noso patrimonio natural permanece nas mans duns poucos en base a antigos "privilexios" das clases economicamente pudentes no pasado réxime dictatorial.

Neste sentido, rexeitamos a posibel venda da illa de Sálvora a "Caixa Galicia", e chamamos a atención da administración e da cidadanía nun feito que a ninguén se lle pode escapar; a illa de Sálvora é parte do "Parque Nacional das Illas Atlánticas" e como tal a responsabilidade da Xunta e da administración estatal é preservala fronte a posibeis agresións; permitir a súa venda non semella o mellor xeito de facelo, por moi boas que poideran ser as intencións e os proxectos que os seus compradores teñan reservado para ese anaco do noso patrimonio natural.

Pero, ademáis, desde a "Asociación Pola Defensa da Ría" de Pontevedra, queremos suliñar que o posibel comprador, "Caixa Galicia", non se ten salientado precisamente polo súa defensa do noso medio natural; moi ao contrario. Non se pode esquecer que até hai ben pouco, o actual presidente de "Caixa Galicia", o Sr. Méndez, foi presidente do grupo ENCE, que mantén desde hai xa demasiados anos un complexo industrial en Lourizán que –entre outras cousas- ten arruinado o noso medio ambiente e os recursos naturais da nosa Ría, e que aínda hoxe, cunha importante porcentaxe no accionariado de ENCE, non fixo nada por mudar esta situación.

Así as cousas, desde a APDR denunciámos esta operación –que con seguridade resposta ao interese particular da entidade financeira- e esiximos ao goberno da "Xunta de Galicia" que faga todos os esforzos posibeis para impedir o que doutro xeito rematará por seren o principio do fin do noso patrimonio natural como un patrimonio colectivo.

Pontevedra, 3 de abril de 2007